

obradoiro de artesanía

Publicación anual de Artesanía de Galicia / Annual publication from Artesanía de Galicia nº16 maio/mayo/May 2018



XUNTA DE GALICIA

25 mayo-3 junio 2018
PALACIO DE SANTA BÁRBARA
C/ Hortaleza, 87. MADRID



Lunes a jueves: 12.30 - 21.30 h
Viernes a sábado: 12.00 - 23.00 h
Domingo: 12.00 - 21.30 h
TERRAZA GALICIA
Lunes a domingo: 12.00 - 23.00 h

ARTESANÍA DE GALICIA
GASTRONOMÍA GALLEGA
DEGUSTACIONES Y CATAS
TALLERES PARA FAMILIAS
SHOWCOOKINGS

 [popupgaliciasaberesysabores](https://www.facebook.com/popupgaliciasaberesysabores)

 [artesania_de_galicia](https://www.instagram.com/artesania_de_galicia)

sumario

- 3 LIMIAR
Introducción
Introduction
- 8 PREMIOS ARTESANÍA DE GALICIA 2017
Artesanía de Galicia Awards 2017
- 22 FERRAXE DE PRATA, A MOBILIDADE DO INERTE
Ferraxe de Prata, la movilidad de lo inerte
Ferraxe de Prata, the mobility of inert
- 32 CELSO NÚÑEZ FERREIRO. COITELÓS QUE CONTEÑEN HISTORIAS
Celso Núñez Ferreiro. Cuchillos que contienen historias
Celso Núñez Ferreiro. Knives with stories
- 42 CONCHA OUTEIRIÑO, OFICIO E VANGARDA
Concha Outeiriño, oficio y vanguardia
Concha Outeiriño, trade and avant-garde
- 50 SHINGO SATO. FACER MODA DENDE O ARTESANAL
Shingo Sato. Hacer moda desde lo artesanal
Shingo Sato. Artisanal fashion design
- 60 ALFARERÍA RULO: OLERÍA TRADICIONAL DE BUÑO A XAPÓN
Alfarería Rulo. Alfarería tradicional de Buño a Japón
Alfarería Rulo: Traditional pottery from Buño to Japan
- 68 NOVAS INCORPORACIÓNS EN ARTESANÍA DE GALICIA
Nuevas incorporaciones en Artesanía de Galicia
New registrations in Artesanía de Galicia
- 70 LEÓNLAGATA. PEQUENOS TESOUROS CERÁMICOS
Leónlagata. Pequeños tesoros cerámicos
Leónlagata. Small ceramic treasures
- 74 DEGERÓNIMO, CONSTRUÍENDO CON CORDA DE ALGODÓN
Degerónimo, construyendo con cuerda de algodón
Degerónimo, crafting with cotton cord
- 78 ZVARAS. O TRANSPORTE SOSTIBLE
Zvaras. El transporte sostenible
Zvaras. Sustainable transport
- 82 AROBE CERÁMICA. AS FOLLAS QUE TRIUNFAN EN ESTOCOLMO
Arobe cerámica. Las hojas que triunfan en Estocolmo
Arobe Cerámica. The leaves that are successful in Stockholm
- 86 ESTUDIO ESTAMPA, SERIGRAFÍA DENDE O RURAL
Estudio Estampa, serigrafía desde el rural
Estudio Estampa, rural screen printing
- 90 WOODWORKS BUSCHMANN BELLA. O VALOR REAL DA EBANISTERÍA
Woodworks Buschmann Bella. El valor real de la ebanistería
Woodworks Buschmann Bella. The real value of woodworking
- 94 ARTESANÍA DE GALICIA. MERCA NA REDE
Artesanía de Galicia. Compra en la red
Artesanía de Galicia. Buy online





Edición

Xunta de Galicia
Consellería de Economía, Emprego e Industria
Dirección Xeral de Comercio e Consumo

Fundación Artesanía de Galicia

L25MN Área Central
15707 Santiago de Compostela

Tel. 881 999 171
Fax 881 999 170

centro.artesania@xunta.gal
artesaniadegalicia.xunta.gal

f fcgadpage
t @fun_artesania
i artesania_de_galicia
p fcgad

Coordinación

María Guerreiro

Redacción

María Guerreiro, Sara Donoso, DARDO

Fotografía

Eduardo Armada, Miguel Fraga, Emilio Kabchi,
César Martínez, Miguel Muñiz, Santi M. Amil,
Conchi Paz, DARDO e contribucións dos artesáns

Tradución

María Guerreiro, Lucía Vázquez

Maquetación, realización

DARDO | info@dardo.gal

D.L. C-4788-2008
ISSN 2529-9468

LIMIAR



Francisco Conde López
Consejero de Economía,
Emplego e Industria

“Queremos un sector artesán formado, competitivo, actualizado e que perdure no tempo”

Presentamos un novo número da revista **Obradoiro de Artesanía** nun momento dunha forte renovación no sector artesán galego no que están aparecendo novas incorporacións á marca Artesanía de Galicia de profesionais con moita formación no eido artístico, cunha presenza moi activa en internet grazas ás redes sociais e ás tendas en liña, cunha imaxe de marca moi coidada, que enriquecen o sector e contribúen de forma moi positiva á imaxe da marca Artesanía de Galicia. Na edición de 2018 presentamos un reflexo destas singularidades do sector artesán galego onde oficios ancestrais representados por artesáns cunha ampla traxectoria, como a olería O Rulo de Buño, o taller téxtil A. Outeiriño de Ourense, ou os coitelos elaborados por Celso Núñez Ferreiro (A Fonsagrada), comparten espazo con novas incorporacións á marca, non só de profesionais como a xoiería cerámica de Leónlagata (Sanxenxo), a serigrafía de Estudio Estampa (Mondoñedo), o obradoiro Arobe Cerámica (A Coruña) ou o traballo de ebanistería de Woodworks Buschmann Bella (Corcubión), senón mesmo de actividades artesanais como é o caso de 7varas (A Laracha), que elabora cadros de bicicletas con bambú, ou Degerónimo (Teo), dedicado a complementos feitos con corda de algodón.

Un ano máis, a revista fai referencia aos Premios Artesanía de Galicia, uns galardóns que recoñeceron a traxectoria de Lula de Gundivós (Sober), que contribuíu a recuperar e salvagardar a olería de Gundivós, a única que conservamos en Galicia de torno baixo; que impulsan a formación especializada dos artesáns máis novos como é o caso da ceramista Paula Ojea (Vigo), cunha bolsa de formación nun centro de referencia na súa actividade; e, que recoñecen tamén, co Premio Artesanía de Galicia, aquela peza ou colección que conxuga deseño, innovación, tradición e oficio, e que este ano recaeu no obradoiro Ferraxe de Prata (Teo), que participou cunha xoia elaborada con prata e anacos de louza antiga denominada *A cunca en minifundio*.

Desde a Xunta, a través da Consellería de Economía, Empleo e Industria, estamos a facer unha das maiores apostas dos últimos anos, con tres ordes de axudas para financiar proxectos de expansión comercial e novas fórmulas de comercialización; dixitalización e modernización de empresas artesanais, impulsando a súa presenza na rede, a incorporación de ferramentas TIC de xestión e a mellora da loxística coa implantación do *packaging* axeitado, así como programas que impulsen a participación en feiras e certames de artesanía, e a organización de eventos feirais.

Queremos un sector artesán formado, competitivo, actualizado, pero queremos un sector que perdure no tempo. E para garantir o relevo xeracional convocamos por primeira vez unha liña de axudas dirixidas a obradoiros artesanais que realicen acordos de períodos formativos con aprendices e

INTRODUCCIÓN

Presentamos un nuevo número de la revista **Obradoiro de Artesanía** en un momento de una fuerte renovación en el sector artesano gallego en el que están apareciendo nuevas incorporaciones a la marca Artesanía de Galicia de profesionales con mucha formación en el ámbito artístico, con una presencia muy activa en internet gracias a las redes sociales y a las tiendas en línea, con una imagen de marca muy cuidada, que enriquecen el sector y contribuyen de forma muy positiva a la imagen de la marca Artesanía de Galicia. En la edición de 2018 presentamos un reflejo de estas singularidades del sector artesano gallego donde oficios ancestrales representados por artesanos con una amplia trayectoria, como la alfarería O Rulo de Buño, el taller textil A. Outeiriño de Ourense, o los cuchillos elaborados por Celso Núñez Ferreiro (A Fonsagrada), comparten espacio con nuevas incorporaciones a la marca, no sólo de profesionales como la joyería cerámica de Leónlagata (Sanxenxo), la serigrafía de Estudio Estampa (Mondoñedo), el taller Arobe Cerámica (A Coruña) o el trabajo de ebanistería de Woodworks Buschmann Bella (Corcubión), sino incluso de actividades artesanales como es el caso de 7varas (A Laracha), que elabora cuadros de bicicletas con bambú, o Degerónimo (Teo), dedicado a complementos elaborados con cuerda de algodón.

“Queremos un sector artesano formado, competitivo, actualizado y que perdure en el tiempo”

Un año más, la revista hace referencia a los Premios Artesanía de Galicia, unos galardones que reconocieron la trayectoria de Lula de Gundivós (Sober), que ha contribuido a salvaguardar la alfarería de Gundivós, la única que conservamos en Galicia de torno bajo; que impulsan la formación especializada de los artesanos más jóvenes como es el caso de la ceramista Paula Ojea (Vigo), con una beca de formación en un centro de referencia en su actividad; y, que reconocen también, con el Premio Artesanía de Galicia, aquella pieza o colección que conjuga diseño, innovación, tradición y oficio, y que este año recayó en el taller Ferraxe de Prata (Teo), que participaba con una joya elaborada con plata y fragmentos de loza antigua denominada *A cunca en minifundio*.

Desde la Xunta, a través de la Consellería de Economía, Empleo e Industria, estamos haciendo una de las mayores apuestas de los últimos años, con tres órdenes de ayudas para financiar proyectos de expansión comercial y nuevas fórmulas de comercialización; digitalización y modernización de empresas artesanales, impulsando su presencia en la red, la incorporación de herramientas TIC

INTRODUCTION

We present the latest issue of **Obradoiro de Artesanía** magazine at a time of major renewal for the Galician craft sector, which is enriched by the new members of Artesanía de Galicia—professionals with extensive art training, a very active presence on the Internet thanks to their social networks and online shops, and a very carefully thought-out brand image; all of them making a very positive contribution to improving the image of the Artesanía de Galicia brand. This 2018 issue reflects these singularities of the Galician craft sector, in which ancestral trades represented by craftspeople with a long career, such as the pottery workshop O Rulo (Buño), the textile workshop A. Outeiriño (Ourense) or Celso Núñez Ferreiro’s knives (A Fonsagrada), coexist with new registrations in the brand, including not only professionals from different fields such as ceramic jewellery with Leónlagata (Sanxenxo), screen printing with Estudio Estampa (Mondoñedo), pottery with Arobe Cerámica (A Coruña), and woodworking with Woodworks Buschmann Bella (Corcubión), but also new artisanal activities, like making bike frames with bamboo, as is the case with 7varas (A Laracha), or creating accessories with cotton cords, as Degerónimo (Teo) does.

“We want craftspeople to be trained, to stay up to date, be competitive and a long-lasting sector”

Once again, this magazine includes an article about the Artesanía de Galicia Awards, which this year recognised the career of Lula from Gundivós (Sober), who contributed to reviving and preserving the pottery from Gundivós, the only place in Galicia where pottery is still made on a slow wheel. These awards also encourage specialised training among young creators through a scholarship, which this year was given to the ceramist Paula Ojea (Vigo), who now has the chance to do a course in a centre of reference in her field of craft. Besides, the Artesanía de Galicia Award rewards the piece or collection that best combines design, innovation, tradition and skill, and this year was granted to the workshop Ferraxe de Prata (Teo) for their piece *A cunca en minifundio*, a necklace made of silver and fragments of old china.

The current commitment of the Xunta de Galicia to this sector, through the Consellería de Economía, Empleo e Industria, is one of the strongest in recent years. In addition to organising different fair events and creating programmes that encourage craftspeople to participate in fairs and craft competitions, the Galician government has

que poden ter ata un ano de duración. Somos conscientes de que a falta de novas xeracións é un dos puntos febles do noso sector artesán e estamos seguros de que esta liña de axudas será benvinda tanto por parte dos obradoiros que buscan que os seus oficios perduren como por parte dos aprendices que poderán ter nesta iniciativa unha saída profesional. Formar novos artesáns é o único xeito de darlle continuidade a toda a riqueza, ao saber que temos en Galicia, de facer medrar as nosas empresas artesás facilitándolles a formación de persoal e favorecer a existencia de novos emprendedores no ámbito da artesanía.

Neste último ano, tamén foi tomando forma o proxecto de incorporación de Artesanía de Galicia como soporte de prestixio no que se presenta a cociña galega máis vangardista. Unha iniciativa que comezou en Agolada (Pontevedra) con *Corazón da Artesanía. II Encontro de Artesanía Tradicional e Popular de Galicia* grazas á colaboración de cociñeiros do Grupo Nove que comezaron a empregar as pezas da marca para os *showcookings*. En outubro de 2017 organizamos na Cidade da Cultura as *I Jornadas Profesionais Artesanía no Prato*, onde participaron 32 obradoiros de artesanía de diferentes oficios, que tiveron contacto directo con profesionais do sector da gastronomía. O obxectivo de estreitar lazos profesionais, crear novos contactos e servir como xermolo de proxectos futuros no eido da cociña e da restauración, estase a materializar en acordos de colaboración entre artesáns e cociñeiros que cada vez son máis numerosos.

Gastronomía e Artesanía de Galicia tamén foi o fío condutor do evento *Pop-up Galicia. Saberes e Sabores*, celebrado en Madrid no mes de novembro. O obxectivo era

ofrecer unha imaxe cuidada de Artesanía de Galicia e dos nosos artesáns unida a produtores de alimentación para crear un espazo de calidade de Galicia e do produto galego e unha suma de esforzos de cara aos visitantes. Os bos resultados deste evento fixeron que este ano repetamos experiencia do 25 de maio ao 3 de xuño.

Nesta liña de promoción do produto artesán galego noutros mercados, destacamos tamén os bos resultados que está a dar a participación de Artesanía de Galicia nas feiras profesionais Formex (Estocolmo) e Tent London (Londres). Grazas ás visitas que recibe o *stand* da marca nestes eventos, no que se expón unha selección de pezas de arredor de 45 obradoiros artesáns galegos, contamos xa con 3 distribuidores (Xapón, Australia e Alemaña) e 49 puntos de venda (Suecia, Reino Unido, Alemaña, Dinamarca, Noruega, Francia e China).

E quero rematar co recordo do galardón recibido o pasado ano por outra das nosas liñas de promoción do sector artesán galego, o proxecto ENREDADAS, creado no ano 2012 para poñer en valor o traballo das redeiras galegas e contribuír ao desenvolvemento da súa actividade, e que foi recoñecido nos Premios Nacionais de Artesanía 2016, na categoría Promociona para institucións públicas. Nesta iniciativa a Xunta une os esforzos da Consellería de Economía, Emprego e Industria e da Consellería do Mar nun proxecto de boas prácticas de diversificación profesional dirixida ás redeiras de Galicia. O seu obxectivo principal é poñer en valor o traballo das redeiras artesás e o seu oficio, apoiando a diversificación da súa actividade profesional co fin de lograr unha maior visibilidade deste colectivo.





“Formar novos artesáns é o único xeito de darlle continuidade a toda a riqueza, ao saber que temos en Galicia”

de gestión y la mejora de la logística con la implantación del *packaging* adecuado, así como de programas que impulsen la participación en ferias y certámenes de artesanía, y la organización de eventos feriales.

Queremos un sector artesano formado, competitivo, actualizado, pero queremos un sector que perdure en el tiempo. Y para garantizar el relevo generacional convocamos por primera vez una línea de ayudas dirigidas a talleres artesanos que realicen acuerdos de períodos formativos con aprendices y que pueden tener hasta un año de duración. Somos conscientes de que la falta de nuevas generaciones es uno de los puntos débiles de nuestro sector artesano y estamos seguros de que esta línea de ayudas será bienvenida tanto por parte de los talleres como por parte de los aprendices que podrán tener en esta iniciativa una salida profesional. Formar nuevos artesanos es el único modo de dar continuidad a toda la riqueza, al saber que tenemos en Galicia, de hacer crecer nuestras empresas artesanas facilitándoles la formación de personal y favorecer la existencia de nuevos emprendedores en el ámbito de la artesanía.

En este último año, también ha ido tomando forma el proyecto de incorporación de Artesanía de Galicia como soporte de prestigio en el que se presenta la cocina gallega más vanguardista. Una iniciativa que comenzó en Agolada (Pontevedra) con *Corazón da Artesanía. II Encontro de*

approved three grants to finance business expansion projects and new actions for the commercialisation, digitalisation and modernisation of craft businesses; thus promoting their present in the Internet, ICT management tools and the improvement of logistics by using the right packaging.

We want craftspeople to be trained, to stay up to date and be competitive, but we also want a long-lasting sector. With the aim of ensuring generational replacement, for the first time the Xunta has announced a line of subsidies for artisan workshops that offer training periods for apprentices, which can last up to a year. We know that one of the weaknesses of our craft sector is its lack of new generations, so we are sure that this line of subsidies will be much appreciated by both workshops that want their trades to last and apprentices, for whom this may be a career opportunity. Training new artisans is the only way to give continuity to all the wealth and knowledge in Galicia, to help our craft business grow by making their staff training easier, and to contribute to the existence of new entrepreneurs in the field of craft.

Furthermore, the project to establish Artesanía de Galicia as a prestigious way to present Galician most avant-garde cuisine began to take shape over the last year. This initiative started in Agolada (Pontevedra) with *Corazón da Artesanía. II Encontro de Artesanía Tradicional e Popular*

Artesanía Tradicional e Popular de Galicia gracias a la colaboración de cocineros del Grupo Nove que comenzaron a utilizar las piezas de la marca para los *showcookings*. En octubre de 2017 organizamos en la Cidade da Cultura las *I Jornadas Profesionales Artesanía no Prato*, donde participaron 32 talleres de artesanía de diferentes oficios, que tuvieron contacto directo con profesionales del sector de la gastronomía. El objetivo de estrechar lazos profesionales, crear nuevos contactos y servir como base de proyectos futuros en el ámbito de la cocina y la restauración, se está materializando en acuerdos de colaboración entre artesanos y cocineros que cada vez son más numerosos.

Gastronomía y Artesanía de Galicia también fue el hilo conductor del evento Pop-up Galicia. Saberes e Sabores, celebrado en Madrid en el mes de noviembre. El objetivo era ofrecer una imagen cuidada de Artesanía de Galicia y nuestros artesanos unida a productores de alimentación para crear un espacio de calidad de Galicia y del producto gallego y una suma de esfuerzos de cara a los visitantes. Los buenos resultados de este evento hicieron que este año repetamos experiencia del 25 de mayo al 3 de junio.

“Formar nuevos artesanos es el único modo de dar continuidad a toda la riqueza, al saber que tenemos en Galicia”

En esta línea de promoción del producto artesano gallego en otros mercados, destacamos también los buenos resultados que está dando la participación de Artesanía de Galicia en las ferias profesionales Formex (Estocolmo) y Tent London (Londres). Gracias a las visitas que recibe el *stand* de la marca en estos eventos, en el que se expone una selección de piezas de alrededor de 45 talleres artesanos gallegos, contamos ya con 3 distribuidores (Japón, Australia y Alemania) y 49 puntos de venta (Suecia, Reino Unido, Alemania, Dinamarca, Noruega, Francia y China).

Y quiero terminar con el recuerdo del galardón recibido el año pasado por otra de nuestras líneas de promoción del sector artesano gallego, el proyecto ENREDADAS, creado en el año 2012 para poner en valor el trabajo de las rederas gallegas y contribuir al desarrollo de su actividad, y que fue reconocido en los Premios Nacionales de Artesanía 2016, en la categoría Promociona para instituciones públicas. En esta iniciativa la Xunta une los esfuerzos de la Consellería de Economía, Emprego e Industria y la Consellería do Mar en un proyecto de buenas prácticas de diversificación profesional dirigida a las rederas de Galicia. Su objetivo principal es poner en valor el trabajo de las rederas artesanas y su oficio, apoyando a diversificación de su actividad profesional con el fin de lograr una mayor visibilidad de este colectivo.

de Galicia, thanks to the collaboration of some chefs from the Grupo Nove, who used pieces from this brand in their cooking demonstrations. In October 2017, we organised at the Cidade da Cultura the First Professional Conference “Artesanía no Prato”, in which 32 artisan workshops from different trades participated and met professionals from the restaurant industry. The aim of establishing closer professional ties, making new contacts and planting the seeds of future projects in the field of cooking and the restaurant industry is becoming a reality thanks to the increasing number of collaboration agreements between artisans and chefs.

Gastronomy and Artesanía de Galicia were also the basis of the event Pop-Up Galicia. Saberes y Sabores, which took place in November in Madrid. Its goal was to offer a good image of Artesanía de Galicia and our artisans together with food producers so as to create a space for quality from Galicia and Galician products, as well as several efforts regarding visitors. In view of the success of this event, this experience will be repeated this year from 25th May to 3rd June.

Along with this line of promoting Galician handicrafts in other markets, we want to highlight the good results of the participation of Artesanía de Galicia in the professional trade fairs Formex (Stockholm) and Tent London (London). Thanks to the visits to our brand stand in these events, where a selection of pieces from about 45 Galician artisan workshops is displayed, Artesanía de Galicia is already distributed by 3 companies (Japan, Australia and Germany) and sold in 49 shops (Sweden, United Kingdom, Germany, Denmark, Norway, France and China).

And I would like to conclude by recalling the award received by another of our actions to promote the Galician craft sector last year—the Enredadas project, which was created in 2012 to value the work of Galician net weavers and contribute to the development of their activity, and which won the National Craft Awards 2016 in the category “Promociona Award for Public Entities”. In this initiative, the Xunta de Galicia combines the efforts of the Consellería de Economía, Emprego e Industria and the Consellería do Mar in a project of best practices for the professional diversification of Galician net weavers. Its main objective is to value the work of artisan net weavers and their trade by supporting the diversification of their professional activity so that this group gains visibility.

“Training new artisans is the only way to give continuity to all the wealth and knowledge in Galicia”



PREMIOS ARTESANÍA DE GALICIA 2017

ARTESANÍA DE GALICIA AWARDS 2017

As entregas de premios sempre teñen ese carácter máxico que non sabemos definir con palabras e que acaba por contaxiar non só as persoas implicadas, senón tamén o resto do público asistente. Iso foi o que aconteceu, un ano máis, no acto de entrega dos Premios Artesanía de Galicia 2017, celebrados o 18 de decembro na Sala Cinc da Cidade da Cultura de Galicia en Santiago de Compostela.

Co propósito de favorecer a visibilidade profesional das artesás e dos artesáns galegos, estimulando a súa creatividade e impulsando a súa carreira, estes premios seguen os obxectivos definidos na folia de ruta de Artesanía de Galicia, deseñada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria. Así, ademais de reafirmar ano a ano o alcance económico e socio-cultural da nosa artesanía, os Premios Artesanía de Galicia vinculan a cada un dos galardóns a especificidade dun interese engadido: a capacidade de conxugar a tradición e os valores propios coas demandas contemporáneas; a posta en valor daquelas persoas que levan toda unha vida dedicadas ao traballo artesanal e conseguen manter vivo o oficio e a promoción e profesionalización de novas voces que serán as encargadas de relevar a anteriores xeracións.

Las entregas de premios siempre tienen ese carácter mágico que no sabemos definir con palabras y que acaba por contagiarse no solo a las personas implicadas, sino también al resto del público asistente. Eso fue lo que sucedió, un año más, en el acto de entrega de los Premios Artesanía de Galicia 2017, celebrados el 18 de diciembre en la Sala Cinc de la Cidade da Cultura de Galicia en Santiago de Compostela.

Con el propósito de favorecer la visibilidad profesional de las artesanas y artesanos gallegos, estimulando su creatividad e impulsando su carrera, estos premios siguen los objetivos definidos en la hoja de ruta de Artesanía de Galicia, diseñada por la Consellería de Economía, Emprego e Industria. Así, además de reafirmar año a año el alcance económico y socio-cultural de nuestra artesanía, los Premios Artesanía de Galicia vinculan a cada uno de los galardones la especificidad de un interés añadido: la capacidad de conjugar la tradición y los valores propios con las demandas contemporáneas; la puesta en valor de aquellas personas que llevan toda una vida dedicadas al trabajo artesanal y consiguen mantener vivo el oficio y la promoción y profesionalización de nuevas voces que serán las encargadas de relevar a anteriores generaciones.



“Os Premios Artesanía de Galicia vanse consolidando pouco a pouco, sendo xa unha referencia de apoio ao sector artesanal galego”



“Los Premios Artesanía de Galicia se van consolidando poco a poco, siendo ya una referencia de apoyo al sector artesanal gallego”



“The Artesanía de Galicia Awards are gradually consolidating with a growing impact and have become a benchmark for support in the Galician craft sector”

There is always something magic about awards ceremonies that is hard to be put into words, and it ends up overcoming not only the nominees but also the rest of the audience. Once again this year, this is what happened at the Artesanía de Galicia Awards 2017 ceremony, which took place on 28th December at the Sala Cinc in Cidade da Cultura de Galicia in Santiago de Compostela.



With the aim of increasing the professional visibility of Galician craftspeople by stimulating creativity and boosting their careers, these awards pursue the objectives set out in Artesanía de Galicia's roadmap, designed by the regional ministry of Consellería de Economía, Emprego e Industria. Thus, in addition to confirming every year the economic and sociocultural importance of our craft, the Artesanía de Galicia Awards link the specificity of an added interest to each of the prizes: the ability to combine tradition and personal values with contemporary demand; the recognition of those who have devoted their whole lives to craftwork and kept their trade alive; and the promotion and professionalization of new voices that will be replacing the previous generations.



FAVORECER A CONSOLIDACIÓN DO SECTOR

Este tipo de actos supoñen unha oportunidade para coincidir con compañeiros de profesión, para intercambiar consellos, anécdotas, opinións e charlas sobre presentes e futuros proxectos. Tamén para achegar os familiares a unha parte dese mundo complexo e atraente que é a artesanía e para facernos valorar a todos o esforzo diario dun sector que demostra a cada paso o seu potencial. Por iso, cada detalle dispúxose con esmero para facer da gala un momento único.



Presidida por Francisco Conde, conselleiro de Economía, Emprego e Industria, e presentada por Sol Vázquez, directora xeral de Comercio e Consumo, recordouse o papel esencial que está a xogar a artesanía no crecemento da comunidade galega, con preto de 3000 artesáns rexistrados e máis de 550 talleres. Un exemplo máis de que apostar por aquilo que a cada un lle satisfaga, reivindicando o traballo manual nun mundo de pantallas e de obsolescencia programada, non en conflito co éxito profesional. Un exemplo tamén de que as conexións entre tradición e modernidade e a incorporación de novas tecnoloxías poden ser moi frutíferas para un sector que, segundo Francisco Conde “está máis vivo ca nunca”.



FAVORECER LA CONSOLIDACIÓN DEL SECTOR

Este tipo de actos suponen una oportunidad para coincidir con compañeros de profesión, para intercambiar consejos, anécdotas, opiniones y charlas sobre presentes y futuros proyectos. También para acercar a los familiares a una parte de ese mundo complejo y atrayente que es la artesanía y para hacernos valorar a todos el esfuerzo diario de un sector que demuestra a cada paso su potencial. Por eso, cada detalle se dispuso con esmero para hacer de la gala un momento único.

Presidida por Francisco Conde, conselleiro de Economía, Emprego e Industria, y presentada por Sol Vázquez, directora xeral de Comercio e Consumo, se recordó el papel esencial que está jugando la artesanía en el crecimiento de la comunidad gallega, con cerca de 3000 artesanos registrados y más de 550 talleres. Un ejemplo más de que apostar por aquello que a cada uno le satisface, reivindicando el trabajo manual en un mundo de pantallas y obsolescencia programada, no está reñido con el éxito profesional. Un ejemplo también de que las conexiones entre tradición y modernidad y la incorporación de nuevas tecnologías pueden ser muy fructíferas para un sector que, según Francisco Conde “está más vivo que nunca”.





“Recordouse o papel esencial que está a xogar a artesanía no crecemento da comunidade galega”

“Se recordó el papel esencial que está jugando la artesanía en el crecimiento de la comunidad gallega”

“Emphasis was placed on the key role played by craft in the growth of the Galician community”

FOSTERING THE CONSOLIDATION OF THE SECTOR

This kind of event is a great opportunity to meet colleagues and exchange advice, anecdotes, views and ideas about current and future projects... It is also a chance to bring their relatives closer to a part of the complex and fascinating world of craft and to make us all value the daily efforts of a sector that demonstrates its potential at every step. Therefore, every little detail was thought with great care so that the ceremony was a unique moment.

In this ceremony presided over by Francisco Conde, the regional minister of Consellería de Economía, Emprego e Industria, and hosted by Sol Vázquez, the director-general of the Dirección Xeral de Comercio e Consumo, emphasis was placed on the key role played by craft in the growth of the Galician community, where there are more than 3,000 registered craftspeople and more than 550 workshops. This is a further example of how going for what one finds satisfying and defending manual work in a world of screens and programmed obsolescence is not incompatible with professional success. And it is also an example of the fact that combining tradition and modernity and using new technologies can be very fruitful for a sector that, according to Francisco Conde, “is more alive than ever.”



Cada vez con maior repercusión, os Premios Artesanía de Galicia vanse consolidando pouco a pouco, sendo xa unha referencia de apoio ao sector artesanal galego. As súas resonancias cólanse xa en todas as esferas da cultura en Galicia, algo que demostra o carácter multidisciplinar do xurado. Nesta ocasión estivo conformado por Marta López Quintás, subdirectora Xeral de Comercio e Consumo; Jose Castro e Antonio Ibáñez de Noroeste Obradoiro (gañadores do Premio Artesanía de Galicia 2016); Santiago Riande, director da EASD Mestre Mateo, e David Barro, director da Fundación DIDAC. Como secretaria, con voz pero sen voto, actuou Elena Fabeiro, xerente da Fundación Artesanía de Galicia.



UNS PREMIOS CARGADOS DE EMOCIÓNS

Cando chega o momento de coñecer as persoas premiadas pálpase o nerviosismo no ambiente, unha emoción contida que logo se resolve para derivar en aplausos, sorrisos e agradecementos. Este ano destacou especialmente a emotividade das entregas, tal vez incrementada pola afluencia de público asistente e polo apropiado do fallo do xurado.



Cada vez con mayor repercusión, los Premios Artesanía de Galicia se van consolidando poco a poco, siendo ya una referencia de apoyo al sector artesanal gallego. Sus resonancias se cuelan ya en todas las esferas de la cultura en Galicia, algo que demuestra el carácter multidisciplinar del jurado. En esta ocasión estuvo conformado por Marta López Quintás, subdirectora Xeral de Comercio e Consumo; Jose Castro y Antonio Ibáñez de Noroeste Obradoiro (ganadores del Premio Artesanía de Galicia 2016); Santiago Riande, director de la EASD Mestre Mateo, y David Barro, director de la Fundación DIDAC. Como secretaria, con voz pero sin voto, actuó Elena Fabeiro, gerente de la Fundación Artesanía de Galicia.

UNOS PREMIOS CARGADOS DE EMOCIONES

Cuando llega el momento de conocer a las personas premiadas se palpa el nerviosismo en el ambiente, una emoción contenida que pronto se resuelve para derivar en aplausos, sonrisas y agradecimientos. Este año destacó especialmente la emotividad de las entregas, tal vez incrementada por la afluencia de público asistente y por lo apropiado del fallo del jurado.

The Artesanía de Galicia Awards are gradually consolidating with a growing impact and have become a benchmark for support in the Galician craft sector. They are already well known in all the Galician cultural fields, as evidenced by the multidisciplinary judging panel. The judges were Marta López Quintás, the deputy director-general of the Dirección Xeral de Comercio e Consumo; Jose Castro and Antonio Ibáñez from Noroeste Obradoiro (the Artesanía de Galicia 2016 award-winners); Santiago Riande, the director of the EASD Mestre Mateo; and David Barro, the manager of the Fundación DIDAC. Elena Fabeiro, the manager of the Fundación Artesanía de Galicia, was the secretary with voice but not vote.

AN EMOTIONALLY-CHARGED AWARDS CEREMONY

When it is time to reveal the award-winners, one can feel the nerves in the air; some contained excitement that is soon released with applause, smiles and gratitude. This year the ceremony was especially emotional, perhaps because of the good turnout and the appropriate decision of the judging panel.



Premios Artesanía de Galicia 2017

PREMIO ARTESANÍA DE GALICIA ARTESANÍA DE GALICIA AWARD

A cunca en minifundio.

Rodrigo Riveiro. Ferraxe de prata
Xoiería | Joyería | Jewellery
Teo (A Coruña)

PREMIO TRAXECTORIA PREMIO TRAYECTORIA CAREER AWARD

Obdulia Rodríguez González (Lula)
Olería de Gundivós | alfarería de Gundivós
| Gundivós pottery
Sober (Lugo)

BOLSA ELOY GESTO BECA ELOY GESTO ELOY GESTO SCHOLARSHIP AWARD

Ojea Studio
Cerámica | Cerámica | Ceramics
Vigo

“O seu traballo combina a precisión tecnolóxica dos modelados realizados en CAD coa irregularidade do posterior tratamento manual da arxila”

O primeiro dos recoñecementos, o **Premio Bolsa Eloy Gesto**, recaeu na ceramista Paula Ojea, de **Ojea Studio** en Vigo. Esta bolsa de formación constituíuse en honor ao ourive compostelán Eloy Gesto, falecido en 2011 e unha das principais figuras da artesanía contemporánea galega, que foi padrón da Fundación Artesanía de Galicia. O premio foi entregado pola súa viúva, Leonor Beiroa, e consta de 4000 euros para realizar unha estancia de formación nun centro de referencia no ámbito da artesanía e do deseño. Paula Ojea terá a oportunidade de incorporar novos coñecementos dentro da súa práctica profesional que permitan dar lugar a produtos artesanais innovadores. Buscando impulsar proxectos capaces de activar o relevo xeracional, destacou a capacidade de Paula Ojea de introducir diferentes fórmulas de creación dentro da tradición cerámica. O seu traballo combina a precisión tecnolóxica dos modelados realizados en CAD coa irregularidade do posterior tratamento manual da arxila.

“Su trabajo combina la precisión tecnológica de los modelados realizados en CAD con la irregularidad del posterior tratamiento manual de la arcilla”

El primero de los reconocimientos, el **Premio Bolsa Eloy Gesto**, recayó en la ceramista Paula Ojea, de **Ojea Studio** en Vigo. Esta beca de formación se constituyó en honor al orfebre compostelano Eloy Gesto, fallecido en 2011 y una de las principales figuras de la artesanía contemporánea gallega, que fue patrono de la Fundación Artesanía de Galicia. El premio fue entregado por su viuda, Leonor Beiroa, y consta de 4000 euros para realizar una estancia de formación en un centro de referencia en el ámbito de la artesanía y el diseño. Paula Ojea tendrá la oportunidad de incorporar nuevos conocimientos dentro de su práctica profesional que permitan dar lugar a productos artesanales innovadores. Buscando impulsar proyectos capaces de activar el relevo generacional, se destacó la capacidad de Paula Ojea de introducir diferentes fórmulas de creación dentro de la tradición cerámica. Su trabajo combina la precisión tecnológica de los modelados realizados en CAD con la irregularidad del posterior tratamiento manual de la arcilla.





“Her work combines the technological precision of CAD models with the irregularity of the subsequent manual treatment of clay”



The first award of the ceremony, the **Eloy Gesto Scholarship Award**, went to the ceramist Paula Ojea, from **Ojea Studio**, Vigo. This scholarship was created in honour of Eloy Gesto, a master silversmith from Santiago de Compostela who died in 2011 and was one of the most important figures in Galician contemporary craft, as well as a patron of the Fundación Artesanía de Galicia. Leonor Beiroa, his widow, presented this prize worth €4,000 for a training course abroad in a centre of reference in the field of craft and design. Paula Ojea will have the chance to implement the gained knowledge in her work to create innovative handicrafts. With the aim of fostering projects that can ensure generational replacement, the judging panel highlighted Paula Ojea’s ability to introduce different formula of creation in the tradition of ceramics. Her work combines the technological precision of CAD models with the irregularity of the subsequent manual treatment of clay.



Premios Artesanía de Galicia



No apartado do **Premio Traxectoria**, un recoñecemento honorífico que destaca o percorrido profesional da persoa candidata e a súa achega á artesanía galega, foi especialmente emotivo o nomeamento de **Obdulia Rodríguez González (Lula)**, de Sober (Lugo). A candidatura foi presentada polo Concello de Sober expoñendo que Obdulia, máis coñecida como Lula de Gundivós, representa “o espírito traballador e loitador da xente do campo”. Un espírito que se puido conservar grazas a artesás coma Lula, cuxo traballo encarna o esforzo de toda unha xeración de artesáns que manteñen as formas de facer do pasado. Dende a extracción manual do barro ata o seu posterior mazado e amasado, pasando pola creación das pezas no torno manual baixo e a súa cocción, afumado e revocadura, este sistema mantívose intacto ata os nosos días en sinal de respecto a toda unha cultura oleira.

Tras unha intervención na que reivindicou a importancia histórica e cultural da olería de Gundivós, Luis Fernández Guitián, alcalde de Sober, entregoulle o premio xunto a Raquel Arias, secretaria do Parlamento de Galicia. Neste caso, non só é honorable o labor de Lula na profesión, á que lle dedicou 30 anos da súa vida, senón tamén o feito de recoñecer o papel dunha muller que recolleu con orgullo o legado dos seus antepasados para continuar dedicándose á artesanía. Unha muller que conseguiu

En el apartado del **Premio Trayectoria**, un reconocimiento honorífico que destaca el recorrido profesional de la persona candidata y su aportación a la artesanía gallega, fue especialmente emotivo el nombramiento de **Obdulia Rodríguez González (Lula)**, de Sober (Lugo). La candidatura fue presentada por el Ayuntamiento de Sober exponiendo que Obdulia, más conocida como Lula de Gundivós, representa “el espíritu trabajador y luchador de la gente del campo”. Un espíritu que ha podido conservarse gracias a artesanas como Lula, cuyo trabajo encarna el esfuerzo de toda una generación de artesanos que mantienen las formas de hacer del pasado. Desde la extracción manual del barro hasta su posterior mazado y amasado, pasando por la creación de las piezas en torno manual bajo y su cocción, ahumado y enlucido, este sistema se ha mantenido intacto hasta nuestros días en señal de respeto a toda una cultura alfarera.

Tras una intervención en la que reivindicó la importancia histórica y cultural de la alfarería de Gundivós, Luis Fernández Guitián, alcalde de Sober, entregó el premio junto a Raquel Arias, secretaria del Parlamento de Galicia. En este caso, no solo es honorable la labor de Lula en la profesión, a la que ha dedicado 30 años de su vida, sino también el hecho de haber reconocido el papel de una mujer que recogió con orgullo el testigo de sus antepasados para continuar dedicándose

transcender as barreiras do seu tempo e do seu contexto situando a olaría de Gundivós nos libros de historia, recibindo mencións e revelando o valor da artesanía local en feiras e exposicións ao longo da xeografía española. Alegre e humilde, Lula emocionou a todos os presentes durante a entrega do premio, comentando que a súa maior satisfacción fora traballar e manifestando o seu desexo de que o oficio perdure ao longo do tempo a través das novas xeracións.

a la artesanía. Una mujer que consiguió transcender las barreras de su tiempo y su contexto situando la alfarería de Gundivós en los libros de historia, recibiendo menciones y revelando el valor de la artesanía local en ferias y exposiciones a lo largo de la geografía española. Alegre y humilde, Lula emocionó a todos los presentes durante la entrega del premio, comentando que su mayor satisfacción ha sido trabajar y manifestando su deseo de que el oficio perdure a lo largo del tiempo a través de las nuevas generaciones.

The second prize was especially moving, since **Obdulia Rodríguez González (Lula)**, from Sober (Lugo), was granted the **honorary Career Award**, which, as its very name indicates, recognises the career of one of the nominees, as well as their contribution to Galician craft. The Concello de Sober submitted her nomination claiming that Obdulia, better known as Lula de Gundivós, represents “the hardworking and fighting spirit of country people.” A spirit that has been preserved thanks to craftswomen such as Lula, whose work embodies the efforts of an entire generation of craftspeople who continue to do things like in the past. From manual clay extraction to the subsequent crushing and kneading stages, including the creation of the pieces on a slow wheel, their firing, smoke firing and plastering, this system has been kept intact until today as a mark of respect for a whole culture of pottery.

After a speech defending the historic and cultural importance of Gundivós pottery, Luis Fernández Guitián, the mayor of Sober, presented the award with Raquel Arias, the secretary of the Parlamento de Galicia. In this case, not only Lula’s career was recognised—a profession to which she devoted 30 years of her life—but also the role of a woman who proudly took up the baton from her ancestors to continue with the pottery trade. A woman that managed to overcome the obstacles of her time and context, and put Gundivós pottery on the map thanks to the mentions that she received and how she spread the value of her local craft in fairs and exhibitions throughout Spain. Happy and humble, Lula touched the audience when, accepting the prize, she mentioned that working had been her greatest satisfaction in life and she expressed her wish that her trade lasts in time thanks to the new generations.



E, por último o máis esperado dos premios: o **Premio Artesanía de Galicia 2017**, foille outorgado a **Rodrigo Riveiro**, do obradoiro **Ferraxe de Prata** en Teo, pola peza *A cunca en minifundio*, un colar articulado composto de prata e louza. Dotado con 6000 euros, este galardón resérvase á obra que mellor represente os valores dunha artesanía competitiva; capaz de adaptar as técnicas tradicionais ás esixencias do presente, de manter a calidade material e produtiva e incorporar a esencia do pasado a un deseño orixinal e innovador. Estas e outras peculiaridades, como a de empregar materiais reciclados para lles dar unha nova vida, levaron o xurado a determinar por unanimidade o resultado do premio, destacando da peza "o contraste da delicadeza do motivo coa rotundidade da forma". Rodrigo

Y, por último, el más esperado de los premios: el **Premio Artesanía de Galicia 2017**, fue otorgado a **Rodrigo Riveiro**, del taller **Ferraxe de Prata** en Teo, por la pieza *A cunca en minifundio*, un collar articulado compuesto de plata y loza. Dotado con 6000 euros, este galardón se reserva a la obra que mejor represente los valores de una artesanía competitiva; capaz de adaptar las técnicas tradicionales a las exigencias del presente, de mantener la calidad material y productiva e incorporar la esencia del pasado a un diseño original e innovador. Éstas y otras peculiaridades, como la de emplear materiales reciclados para darles una nueva vida, llevaron al jurado a determinar por unanimidad el resultado del premio, destacando de la pieza "el contraste de la delicadeza del motivo con la rotundidad de la forma". Rodrigo Riveiro lleva el




Riveiro leva o diálogo entre tradición e modernidade ata as súas últimas consecuencias, interesándose por activar a funcionalidade de obxectos en desuso para lles outorgar o atractivo adicional do deseño e a calidade artesanal. *A cunca en minifundio* está composta por anacos dunha cunca antiga de louza, recortados con precisión para obter as partes que posteriormente formarán o colar. Cada un dos anacos da cunca é perfilado con prata nun proceso lento e meticuloso. Despois, as pezas únense con bisagras tendo en conta a ergonomía do corpo e comézanse a afinar os detalles para dar lugar a unha xoia única, onde se concilian as súas diferenzas xeométrico e o orgánico, o nobre e o cotiá.

diálogo entre tradición y modernidad hasta sus últimas consecuencias, interesándose por activar la funcionalidad de objetos en desuso para otorgarles el atractivo adicional del diseño y la calidad artesanal. *A cunca en minifundio* está compuesta por pedazos de un viejo cuenco de loza, recortados con precisión para obtener las partes que posteriormente formarán el collar. Cada uno de los fragmentos del cuenco es perfilado con plata en un proceso lento y meticuloso. Después, las piezas se unen con bisagras teniendo en cuenta la ergonomía del cuerpo y comienzan a afinarse los detalles para dar lugar a una joya única, donde concilian sus diferencias lo geométrico y lo orgánico, lo noble y lo cotidiano.

**PREMIO
ARTESANÍA
DE GALICIA
2017**

*A cunca en
minifundio*
Rodrigo Riveiro,
FERRAXE DE
PRATA



“Rodrigo Riveiro leva o diálogo entre tradición e modernidade ata as súas últimas consecuencias”

“Rodrigo Riveiro lleva el diálogo entre tradición y modernidad hasta sus últimas consecuencias”

Her workshop has been part of the Artesanía de Galicia brand since 2017, and it has been actively involved in the different events organised by the Fundación Artesanía de Galicia, such as the professional trade fairs in London and Stockholm or the First Professional Conference "Artesanía no Prato" (Santiago de Compostela). "Artesanía de Galicia is a guarantee of artisanal products made in Galicia. For me, being part of this brand means recognition and support for handmade work, and it has given me a lot of visibility both nationally and internationally."

○

Degerónimo
Sonia de Gerónimo Abelleira
Rúa Madrid, 12B, 2B
Santiago de Compostela
sonia@degeronimo.com
www.degeronimo.com

Carta de artesá / carta de artesana / craftswoman card n° 10026
Obradoiro artesán / taller artesano / craft workshop n° 10013



7VARAS. O TRANSPORTE SOSTIBLE

7VARAS. EL TRANSPORTE SOSTENIBLE | 7VARAS. SUSTAINABLE TRANSPORT

Con sete varas de bambú Adrián García elabora os cadros dunhas bicicletas lixeiras pero moi resistentes, adaptadas ao usuario, ecolóxicas e únicas. Son pezas elaboradas exclusivamente á man, que se fan por encarga e que, dende este ano se comercializan baixo a marca Artesanía de Galicia. “Penso que 7varas axuda tamén a abrir a porta de Artesanía de Galicia a eses oficios artesanais non tradicionais e cunha componente innovadora que tamén temos un oco baixo esta marca”.

Dende A Laracha (A Coruña), o proxecto 7varas fai unha aposta pola sustentabilidade en tres direccións. Por un lado, elabora pezas a través dun procedemento artesanal, por outro, promoven un estilo de vida máis saudable e un xeito de moverse sen motores nin contaminación e, ao mesmo tempo, aproveitan unha materia prima de rápido crecemento como é o bambú.

Con siete varas de bambú Adrián García elabora los cuadros de unas bicicletas ligeras pero muy resistentes, adaptadas al usuario, ecológicas y únicas. Son piezas elaboradas exclusivamente a mano, que se hacen por encargo y que, desde este año se comercializan bajo la marca Artesanía de Galicia. “Creo que 7varas ayuda también a abrir la puerta de Artesanía de Galicia a esos oficios artesanales no tradicionales y con un componente innovador que también tenemos un hueco bajo esta marca”.

Desde A Laracha (A Coruña), el proyecto 7varas hace una apuesta por la sostenibilidad en tres direcciones. Por un lado, elabora piezas a través de un procedimiento artesanal, por otro, promueven un estilo de vida más saludable y un modo de moverse sin motores ni contaminación y, a la vez, aprovechan una materia prima de rápido crecimiento como es el bambú.

With seven bamboo canes, Adrián García makes the frames of his bespoke bicycles, which are light, very durable, eco-friendly and unique. These pieces are entirely handmade to order, and this year they have started to be commercialised under the Artesanía de Galicia brand. “I think that 7varas also helps to open the door of Artesanía de Galicia to non-traditional and innovative trades and to let those craftspeople see that there is room for us under this brand.”

In A Laracha (A Coruña), the 7varas project goes for sustainability in three ways: on the one hand, their pieces are the result of a handcrafted process, and on the other hand, they promote a healthier lifestyle and an engineless and non-polluting means of transport while using a fast growing raw material such as bamboo.

“What I find really appealing in this project is the fact of building with your own hands a means of transport to get around the city, the countryside or the mountains. It’s healthy, eco-friendly and functional, without giving up design or performance.” One of 7varas’ key elements is the bamboo used for the frames, which Adrián García speaks wonders about: its lightness, durability and great ability to absorb vibration make it an ideal material to build bicycles. Nowadays, most of their creations are made of imported bamboo, but they have several prototypes made of bamboo grown in Galicia and their results are very good. “One of the main goals of 7varas is that all the bikes produced in our workshop are made with Galician bamboo.”

Trained in mechanical engineering, he learnt about the bamboo bicycles that were made in China in the middle of the last century and he was fascinated. After researching and experimenting, Adrián García reached the current stage. In A Laracha, he designs and builds to order each bicycle frame according to his customer’s needs. As a result, his bikes are always different. “During the process, I show them the progress with pictures or videos with two aims—letting them know in what state the bike is at all times and making them aware of the parts in the frame production so that they value the artisanal nature of this trade.”

In looking to the future, he hopes to keep on growing in terms of quality—“achieving a durable product with a high technical level and a well-crafted design that is the hallmark of the brand.”



“One of the main goals of 7varas is that all the bikes produced in our workshop are made with Galician bamboo”

“Un dos obxectivos principais de 7varas é que todas as bicicletas saídas do noso taller estean feitas con bambú galego”

“O que me atrae deste proxecto e o feito de construír coas túas propias mans un medio de transporte co que te desprazar pola cidade, polo campo ou pola montaña. Saudable, ecolóxico e funcional sen deixar atrás o deseño e as prestacións”. E unha das claves de 7varas é o bambú co que constrúe os cadros, do que fala maravillas. Lixeiro, resistente e cunha fantástica capacidade de absorber as vibracións convértese nun material idóneo para construír bicicletas. Actualmente a maior parte das creacións están feitas con bambú importado pero xa teñen varios prototipos feitos con bambú colleitado en Galicia con moi bos resultados. “Un dos obxectivos principais de 7varas é que todas as bicicletas saídas do noso taller estean feitas con bambú galego”.

Formado en enxeñaría mecánica, coñeceu a existencia de bicicletas de bambú que se construían na China dende mediados do século pasado e quedou fascinado. Despois de investigar e facer probas chega ao punto no que agora se atopa. Dende A Laracha, Adrián García diseña e constrúe por encarga cada cadro de bicicleta en función



“Uno de los objetivos principales de 7varas es que todas las bicicletas salidas de nuestro taller estén hechas con bambú gallego”

“Lo que me atrae de este proyecto es el hecho de construir con tus propias manos un medio de transporte con el que desplazarte por la ciudad, el campo o la montaña. Saludable, ecológico y funcional sin dejar atrás el diseño y las prestaciones”. Y una de las claves de 7varas es el bambú con el que construye los cuadros, del que habla maravillas. Ligero, resistente y con una fantástica capacidad de absorber las vibraciones se convierte en un material idóneo para construir bicicletas. Actualmente la mayor parte de las creaciones están hechas con bambú importado pero ya tienen varios prototipos hechos con bambú cultivado en Galicia con muy buenos resultados. “Uno de los objetivos principales de 7varas es que todas las bicicletas salidas de nuestro taller estén hechas con bambú gallego”.

Formado en ingeniería mecánica, conoció la existencia de las bicicletas de bambú que se construían en China desde mediados del siglo pasado y quedó fascinado. Después de investigar y hacer pruebas llega al punto en que ahora se encuentra. Desde A Laracha, Adrián García diseña y construye por encargo cada cuadro de bicicleta en función



7varas

Adrián García Fraga

Lugar Vistalegre, 8. Soandres. A Laracha (A Coruña)

info@7varas.com

www.7varas.com

Carta de artesán / carta de artesano / craftsman card n° 4945

Obradoiro artesán / taller artesano / craft workshop n° 11018



do que precise o cliente, polo que non fai nunca dúas bicicletas iguais. “No proceso voulle amosando con fotos ou vídeos como vai avanzando, tanto para que saiba en que estado se atopa en todo momento como para que coñeza as partes das que consta a fabricación do cadro e poñer en valor a compoñente artesanal deste oficio”.

No horizonte, seguir medrando en termos de calidade, “conseguir un produto dun elevado nivel técnico, durable e cun deseño traballado e identificativo da marca”.

de lo que necesite el cliente, por lo que no hay nunca dos bicicletas iguales. “En el proceso voy mostrando con fotos o vídeos cómo avanza, tanto para que sepa en qué estado se encuentra en todo momento como para que conozca las partes de las que consta la fabricación del cuadro y poner el en valor el componente artesanal de este oficio”.

En el horizonte, seguir creciendo en términos de calidad, “conseguir un producto de un elevado nivel técnico, durable y con un diseño trabajado e identificativo de la marca”.

AROBÉ CERÁMICA. AS FOLLAS QUE TRIUNFAN EN ESTOCOLMO

AROBÉ CERÁMICA. LAS HOJAS QUE
TRIUNFAN EN ESTOCOLMO

AROBÉ CERÁMICA. THE LEAVES THAT
ARE SUCCESSFUL IN STOCKHOLM



Na edición de xaneiro da feira profesional Formex, en Estocolmo, o espazo de Artesanía de Galicia exhibía pezas de 42 obradoiros artesanís, que representaban tanto a artesanía máis tradicional coma produtos de deseño contemporáneo, moitos deles, de artesanís que participaban por primeira vez nesta iniciativa de comercialización e promoción da marca no estranxeiro. Na feira, unha das sorpresas foi **Arobe Cerámica**, que se estreaba no mercado sueco cunha das súas últimas coleccións de pratos con forma de follas de alocaisia, de espatifilo e de hortensia, que chamaron a atención dos visitantes.

En la edición de enero de la feria profesional Formex, en Estocolmo, el espacio de Artesanía de Galicia exhibía piezas de 42 talleres artesanos, que representaban tanto la artesanía más tradicional como productos de diseño contemporáneo, muchos de ellos, de artesanos que participaban por primera vez en esta iniciativa de comercialización y promoción de la marca en el extranjero. En la feria, una de las sorpresas fue **Arobe Cerámica**, que se estrenaba en el mercado sueco con una de sus últimas colecciones de platos con forma de hojas de alocaisia, espatifilo y hortensia, que llamaron la atención de los visitantes.

At the January edition of the Formex trade fair in Stockholm, the Artesanía de Galicia space displayed several pieces by 42 artisan workshops representing both the most traditional crafts and contemporary design. It was the first time that many of those craftspeople participated in this commercialisation and promotion initiative of this brand abroad. One of the surprises at this fair was **Arobe Cerámica**, which debuted in the Swedish market with one of their latest collections of dishes in the shape of alocaisia, spathiphyllum and hydrangea leaves, which the attendees found surprising.

“Being a member of Artesanía de Galicia is a way of professionalising the Arobe Cerámica brand and linking it to a quality standard”

This fair, together with Tent London, in which Arobe Cerámica plans to participate in September, will be their first promotion platform under the umbrella of the Artesanía de Galicia brand. “Being a member of Artesanía de Galicia is a way of professionalising the Arobe Cerámica brand and linking it to a quality standard. My experience in Formex meant an international showcase for me that I would have never had achieved on my own.”

Alejandro Roig Bergantiños established Arobe Cerámica in 2013 after finishing his studies at the Pablo Picasso School of Arts in A Coruña and then completing his training with different craftspeople and artists. Since then, he has designed and made ceramics, now in his workspace in the old town of A Coruña, where he sells his pieces and trains amateur potters. This is a space that

also serves to value the artisan work and trade. “I offer pottery courses not only to diversify my activity but also to bring this world to people and make them aware of all the work involved in a piece.”

Nowadays he has a catalogue with more than 200 products, including special pieces that he can make to order and full dinnerware sets, in which nature is one of his main sources of inspiration.

“The Arobe Cerámica project is still very young. I opened the premises just a few months ago, so for now I focus on consolidating the shop and the courses. However, in the future I want to expand into other cities through small home decor and craft shops, always supporting small retailers.”



“Pertencer a Artesanía de Galicia é unha forma de profesionalizar a marca de Arobe Cerámica e de ligala a un selo de calidade”

“Pertener a Artesanía de Galicia es una forma de profesionalizar la marca de Arobe Cerámica y ligarla a un sello de calidade”



Esta feira, e a de Tent London na que ten previsto participar en setembro, actuará como unha primeira plataforma de promoción para Arobe Cerámica baixo o paraguas da marca. “Pertencer a Artesanía de Galicia é unha forma de profesionalizar a marca de Arobe Cerámica e de ligala a un selo de calidade. A experiencia de Formex foi un escaparate internacional que non tería acadado pola miña conta”.

Alejandro Roig Bergantiños crea Arobe Cerámica no ano 2013, despois de estudar na escola Pablo Picasso da Coruña e de completar a súa formación con diferentes artesáns e artistas. Dende aquela, diseña e elabora pezas de cerámica, nun espazo de traballo situado na cidade vella da Coruña, que funciona como punto de venda da súa cerámica e aula de formación para afeccionados. Un espazo que serve tamén para poñer en valor

Esta feira, y la de Tent London en la que tiene previsto participar en septiembre, actuarán como una primera plataforma de promoción para Arobe Cerámica bajo el paraguas de la marca. “Pertener a Artesanía de Galicia es una forma de profesionalizar la marca de Arobe Cerámica y ligarla a un sello de calidade. La experiencia de Formex fue un escaparate internacional que no tendría alcanzado por mi cuenta”.

Alejandro Roig Bergantiños crea Arobe Cerámica en el año 2013, después de estudiar en la escuela Pablo Picasso de A Coruña y de completar su formación con diferentes artesanos y artistas. Desde entonces, diseña y elabora piezas de cerámica, en un espacio de trabajo situado en la ciudad vieja de A Coruña, que funciona como punto de venta de su cerámica y aula de formación para aficionados. Un espacio que sirve también para

Arobe Cerámica

Alejandro Roig Bergantiños

Rúa San Francisco, 2. Baixo esquerda. A Coruña

arobeceramica@gmail.com

arobeceramica.blogspot.com.es

Carta de artesán / carta de artesano / craftsman card n° 10033

Obradoiro artesán / taller artesano / craft workshop n° 11016



o oficio e o traballo artesanal. “Fago cursos de cerámica para diversificar a actividade pero tamén para achegar a xente a este mundo, para lles dar a coñecer todo o traballo que hai detrás dunha peza”.

Na actualidade conta cun catálogo de máis de 200 pezas, entre as que se atopan pezas especiais que pode facer por encarga e tamén xogos de vaixela completos, nas que a natureza funciona como unha das principais fontes de inspiración.

“O proxecto de Arobe Cerámica aínda é moi novo, só levo uns meses co local aberto, así que de momento céntrome en consolidar a tenda e os cursos. Pero máis adiante quero ampliar o mercado a outras cidades a través de pequenas tendas de artesanía e de decoración, sempre apoiando o pequeno comercio”.

poner en valor el oficio y el trabajo artesanal. “Hago cursos de cerámica para diversificar la actividad pero también para acercar a la gente a este mundo, para dar a conocer todo el trabajo que hay detrás de una pieza”.

En la actualidad cuenta con un catálogo de más de 200 piezas, entre las que se encuentran piezas especiales que puede hacer por encargo y también juegos de vajilla completos, en las que la naturaleza funciona como una de las principales fuentes de inspiración.

“El proyecto de Arobe Cerámica todavía es muy joven, sólo llevo unos meses con el local abierto, así que de momento me centro en consolidar la tienda y los cursos. Pero más adelante quiero ampliar el mercado a otras ciudades a través de pequeñas tiendas de artesanía y decoración, siempre apoyando al pequeño comercio”.

ESTUDIO ESTAMPA, SERIGRAFÍA DENDE O RURAL



Dende o barrio dos Muíños en Mondoñedo (Lugo), as irmás **Lucía e Julieta Vargas García** dedícanse á creación de marca e á serigrafía artesanal sobre diferentes soportes, tanto téxtil como papel. Despois de estudar Deseño de Moda na Escola Mestre Mateo (Santiago de Compostela) e Deseño Gráfico na Escola Ramón Falcón (Lugo) decidiron unir os seus coñecementos ao oficio da serigrafía aprendido de seus pais e crearon **Estudio Estampa**, un taller inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía dende o ano 2016. “Artesanía de Galicia é unha marca recoñecida a nivel nacional e internacional, unha referencia de calidade, deseño e autenticidade. Para nós é unha honra e un valor engadido para o noso produto formar parte desta identidade”.

Un dos seus últimos proxectos é **Bria Concept**, unha colección de mandís deseñados e estampados á medida para cada cliente, ofrecéndolles unha solución inspirada nos seus locais e na súa filosofía de traballo. “Realizamos un produto no que podemos ter un control amplo do proceso, porque o facemos todo no taller: a cor, a padronaxe, o estampado e cada detalle de confección. Non se trata só do produto senón de como o facemos”.

Bria Concept serviulle tamén de carta de presentación para participar o pasado ano nas I Xornadas Artesanía no Prato, celebradas na Cidade da Cultura co obxectivo de poñer en relación gastronomía e artesanía, onde entraron en contacto directo con profesionais da cociña galega, como foi o caso do cociñeiro Luis Veira, do restaurante

Árbore da Veira, da Coruña. “En encontros como Artesanía no Prato atopámonos en persoa co noso público obxectivo e coñecen o produto en vivo, desvirtualizámonos”.

Dende o seu obradoiro situado nun antigo matadoiro no Barrio dos Muíños deseñan e elaboran o seu traballo, que comercializan en feiras especializadas pero sobre todo a través da súa páxina web e das redes sociais, ademais da tenda online propia que ten o proxecto Bria Concept. “Dende o rural creamos e inspirámonos, é un luxo estar en contacto directo coa natureza nun sitio de valor artístico e patrimonial como é Mondoñedo”. Outra das súas iniciativas é Serigrafía Nómada, unha proposta para compartir o seu traballo fóra do taller na que imprimen en vivo deseños exclusivos para cada evento.

Dende un principio Estudio Estampa está pensado como un espazo aberto no que recibir visitas, onde os visitantes poidan ver e aprender o oficio. “Sempre se sorprenden e repiten experiencia, encántanos que os nenos digan que de maiores queren ser serígrafos. Tamén xunto cos nosos compañeiros de *Artesanía Os Muíños* organizamos actividades participativas, compartimos os nosos oficios e traballamos para manter vivas as tradicións e a identidade do barrio”.

Nesta dirección ven o seu futuro inmediato, “apostando pola tradición, a identidade que achega o deseño e a produción sustentable e local. Dende un novo punto de partida, pero estando conectadas dende o rural co mundo”.



“Dende o rural creamos e inspirámonos, é un luxo estar en contacto directo coa natureza nun sitio de valor artístico e patrimonial como é Mondoñedo”

ESTUDIO ESTAMPA, SERIGRAFÍA DESDE EL RURAL

Desde el barrio de Os Muíños en Mondoñedo (Lugo), las hermanas **Lucía y Julieta Vargas García** se dedican a la creación de marca y a la serigrafía artesanal sobre diferentes soportes, tanto textil como papel. Después de estudiar Diseño de Moda en la escuela Mestre Mateo (Santiago de Compostela) y Diseño Gráfico en la escuela Ramón Falcón (Lugo) decidieron unir sus conocimientos al oficio de la serigrafía aprendido de sus padres y crearon **Estudio Estampa**, un taller inscrito en el Rexistro Xeral de Artesanía desde el año 2016. “Artesanía de Galicia es una marca reconocida a nivel nacional e internacional, una referencia de calidad, diseño y autenticidad. Para nosotras es un honor y un valor añadido para nuestro producto formar parte de esta identidad”.

Uno de sus últimos proyectos es **Bria Concept**, una colección de delantales diseñados y estampados a medida para cada cliente, ofreciendo una solución inspirada en sus locales y su filosofía de trabajo. “Realizamos un producto en el que podemos tener un control amplio del proceso, porque lo hacemos todo en el taller: el color, el patronaje, el estampado y cada detalle de confección. No se trata sólo del producto sino de cómo lo hacemos”.

ESTUDIO ESTAMPA, RURAL SCREEN PRINTING

The sisters **Lucía and Julieta Vargas García**, whose workshop is in the Mondoñedo neighbourhood of Os Muíños (Lugo), specialise in branding and artisanal screen printing on different surfaces, like fabrics or paper. After finishing their studies in “Deseño de Moda” at the Escola Mestre Mateo (Santiago de Compostela) and “Deseño Gráfico” at the Escola Ramón Falcón (Lugo) respectively, they decided to combine their knowledge with the trade of screen printing, which their parents had taught them, and create **Estudio Estampa**, a workshop registered in the General Handicraft Register since 2016. “Artesanía de Galicia is a renowned brand both nationally and internationally; a benchmark of quality, design and authenticity. For us, it’s an honour to be part of this brand, and it also means an added value for our products.”

One of their latest projects is **Bria Concept**, a collection of aprons that are custom made and printed for each of their customers, who are offered a solution inspired by their premises and their work philosophy. “We make products with a process that we can control extensively, because everything is carried out at our workshop: the colour, the pattern, the printing and every tailoring detail. It’s not just about the product but also how we make it.”

Estudio Estampa

Lucía Vargas García / Julieta Vargas García

Rúa Ponte Pousada, 7. Mondoñedo (Lugo)

boasestudioestampa@gmail.com

www.estudioestampa.com / www.briaconcept.com

Carta de artesán / carta de artesana / craftswoman card n° 4567 (Lucía) / 4524 (Julieta)

o Obradoiro artesán / taller artesano / craft workshop n° 993



Bria Concept les sirvió también de carta de presentación para participar el pasado año en las I Jornadas Artesanía no Prato, celebradas en la Cidade da Cultura con el objetivo de poner en relación gastronomía y artesanía, donde entraron en contacto directo con profesionales de la cocina gallega, como fue el caso del cocinero Luis Veira, del restaurante Árbore da Veira, de A Coruña. “En encuentros como Artesanía no Prato nos encontramos en persona con nuestro público objetivo y conocen el producto en vivo, nos desvirtualizamos”.

Desde su taller situado en un antiguo matadero en el Barrio de Os Muíños diseñan y elaboran su trabajo, que comercializan en ferias especializadas pero sobre todo a través de su página web y las redes sociales, además de la tienda online propia que tiene el proyecto Bria Concept. “Desde el rural creamos y nos inspiramos, es un lujo estar en contacto directo con la naturaleza en un sitio de valor artístico y patrimonial como

es Mondoñedo”. Otra de sus iniciativas es Serigrafía Nómada, una propuesta para compartir su trabajo fuera del taller, en la que imprimen en vivo diseños exclusivos para cada evento.

Desde un principio Estudio Estampa está pensado como un espacio abierto en el que recibir visitas, donde los visitantes puedan ver y aprender el oficio. “Siempre se sorprenden y repiten experiencia, nos encanta que los niños digan que de mayores quieren ser serigrafos. También junto a nuestros compañeros de Artesanía Os Muíños organizamos actividades participativas, compartimos nuestros oficios y trabajamos para mantener vivas las tradiciones y la identidad del barrio”.

En esta dirección ven su futuro inmediato, “apostando por la tradición, la identidad que aporta el diseño y la producción sostenible y local. Desde un nuevo punto de partida, pero estando conectadas desde el rural con el mundo”.



“Desde el rural creamos y nos inspiramos, es un lujo estar en contacto directo con la naturaleza en un sitio de valor artístico y patrimonial como es Mondoñedo”

“We create and find inspiration in a rural area. Being close to nature and in a town of artistic and heritage value as Mondoñedo is a real luxury”

Bria Concept was also their calling card at the First Professional Conference “Artesanía no Prato”, an event which took place last year at the Cidade da Cultura with the aim of bringing gastronomy and craft together. There they met professionals from the Galician restaurant industry, such as the chef Luis Veira from the restaurant Árbore da Veira, in A Coruña. “At events such as Artesanía no Prato we meet our target consumers face-to-face and they get to see our products in person; we are devirtualised.”

They design and make their products at their workshop in an old slaughterhouse in the neighbourhood of Os Muíños, and they sell them mainly through their website and social networks, as well as at trade fairs and through the online shop of the Bria Concept project. “We create and find inspiration in a rural area. Being close to nature and in a town of artistic and heritage value as Mondoñedo is a real luxury.” Serigrafía Nómada is another of their initiatives, a proposal to share their work outside their workshop that involves live printing exclusive designs for each specific event.

From the beginning, Estudio Estampa was conceived as an open space that could be visited, where people could see and learn the trade. “Visitors are always surprised and come back. We love it when kids say that they want to be screen printers when they grow up. Besides, with our colleagues from Artesanía Os Muíños we organise participatory activities, share our trades and work together to keep the traditions and the identity of our neighbourhood alive.”

This is how they see their immediate future, “going for tradition, for the identity provided by design and for sustainable and local production. From a new starting point, but in touch with the world from a rural area.”

WOODWORKS BUSCHMANN BELLA. O VALOR REAL DA EBANISTERÍA

WOODWORKS BUSCHMANN BELLA. EL VALOR REAL DE LA EBANISTERÍA



“Hai que dialogar co material.
En función de ata que nivel permito
afondar nesa relación aparece un
resultado ou outro”

“Hay que dialogar con el material.
En función de hasta qué nivel
permito profundizar en esa relación
aparece un resultado u otro”

Unha das calidades de calquera profesión creativa é a súa permeabilidade, a súa capacidade de deslizarse entre diferentes disciplinas que abrazan a arte, o deseño, a artesanía e a actividade cultural en xeral. Dende este universo, resulta emocionante mergullarse en proxectos que chegan a estreitar os seus vínculos para valorar un xeito de produción ético, en consonancia coa integridade profesional de quen crea o obxecto. Estas son algunhas das características que definen **Woodworks Buschmann Bella** unha marca que, como afirma Frank Buschmann, “Nace no ano 2012 pero xéstase ao longo de 25 anos”.

Dende a súa formación como ebanista e deseñador industrial entre Alemaña e Holanda, Frank Buschmann define unha actitude experimental que o impulsou a desenvolver diversos proxectos en varias localidades europeas para retornar de novo á ebanistería, esta vez dende o seu estudio situado en Corcubión. Trátase dunha decisión consciente que incorpora a bagaxe de todo o aprendido para

Una de las cualidades de cualquier profesión creativa es su permeabilidad, su capacidad de deslizarse entre diferentes disciplinas que abrazan el arte, el diseño, la artesanía y la actividad cultural en general. Desde este universo, resulta emocionante inmiscuirse en proyectos que llegan a estrechar sus vínculos para valorar una forma de producción ética, en consonancia con la integridad profesional de quien crea el objeto. Estas son algunas de las características que definen **Woodworks Buschmann Bella** una marca que, como afirma Frank Buschmann, “Nace en el año 2012 pero se gesta a lo largo de 25 años”.

Desde su formación como ebanista y diseñador industrial entre Alemania y Holanda, Frank Buschmann define una actitud experimental que le ha impulsado a desarrollar diversos proyectos en varias localidades europeas para retornar de nuevo a la ebanistería, esta vez desde su estudio situado en Corcubión. Se trata de una decisión consciente que incorpora el bagaje de todo lo aprendido para

WOODWORKS BUSCHMANN BELLA. THE REAL VALUE OF WOODWORKING

Permeability is one of the characteristics of any creative profession—the ability to slide into different disciplines that embrace art, design, craftwork and culture in general. From this universe, it is thrilling to participate in projects that strengthen their ties in order to value an ethical way of producing in accordance with the professional integrity of the person who creates the object. These are some of the defining characteristics of **Woodworks Buschmann Bella**, a brand that “was born in 2012 after a gestation period of 25 years,” according to Frank Buschmann.

Since his training in woodworking and industrial design in Germany and the Netherlands, Frank Buschmann defines an experimental attitude that motivated him to develop

different projects in several European towns before finally going back to woodworking; this time in his workshop in Corcubión. It was a conscious decision involving all the knowledge acquired during that period to pursue “some personal integrity in the making.” If craftwork has an advantage over the industry, it is precisely the form of production: “The scale of values should be redefined. When talking about an added value, we should refer to the object; while the real value is how things are made: sustainability, work ethics, the creation process...”

When trying to register this “attitude in the making,” Frank Buschmann took an interest in the Shakers, a small mid-18th century Utopian community that was characterised by their



Woodworks Buschmann Bella

Frank Buschmann

Rúa Antonio Porrúa, 3. Corcubión (A Coruña)

info@woodworksbb.es

www.woodworksbb.es

Carta de artesán / Carta de artesano / craftsman card nº 11015

Obradoiro artesán / taller artesano / craft workshop nº 11002



perseguir “unha integridade persoal no facer”. Porque se a artesanía ten unha vantaxe sobre a industria esta é, precisamente, a forma de produción: “Deberíamos redefinir a escala de valores e cando falamos de valor engadido referirnos ao obxecto, mentres que o valor real é como facemos as cousas: a sustentabilidade, a ética no traballo, o xeito de crear...”.

Tratando de rexistrar esta “actitude no facer” Frank Buschmann interésase polos Shaker, unha pequena comunidade utópica de mediados do século XVIII que se caracterizou polo seu modo de vida comunal e igualitario e polo seu rexeitamento cara ao superfluo. Os seus mobles considéranse o berce do deseño contemporáneo: “Son produtos moi austeros, xa que non se lles permitía a vaidade de usar demasiada decoración, polo que tiveron que aprender a manexarse co mínimo e lograron empregar as proporcións mellor que ninguén”. “Por iso comecei a inspirarme neles, porque non quería deseñar pero si producir beleza”.

Outra das súas liñas de traballo é a imitación de mestres que o inspiran, integrando as súas metodoloxías estilísticas e conceptuais para despois adaptalas ao seu estilo. Esta filosofía cultiva unha fórmula de aprendizaxe que revela a importancia do proceso: “Hai cousas que se poden estudar nos libros pero moitas outras adquirense coa experiencia. Trátase de crear unha conexión entre

perseguir “una integridad personal en el hacer”. Porque si la artesanía tiene una ventaja sobre la industria ésta es, precisamente, la forma de producción: “Deberíamos redefinir la escala de valores y cuando hablamos de valor añadido referirnos al objeto, mientras que el valor real es cómo hacemos las cosas: la sostenibilidad, la ética en el trabajo, el modo de crear...”.

Tratando de registrar esta “actitud en el hacer” Frank Buschmann se interesa por los Shaker, una pequeña comunidad utópica de mediados del siglo XVIII que se caracterizó por su modo de vida comunal e igualitario y su rechazo a lo superfluo. Sus muebles son considerados la cuna del diseño contemporáneo: “Son productos muy austeros, ya que no se les permitía la vanidad de usar demasiada decoración, por lo que tuvieron que aprender a manejarse con lo mínimo y lograron emplear las proporciones mejor que nadie”. “Por eso empecé a inspirarme en ellos, porque no quería diseñar pero sí producir belleza”.

Otra de sus líneas de trabajo es la imitación de maestros que le inspiran, integrando sus metodologías estilísticas y conceptuales para después adaptarlas a su estilo. Esta filosofía cultiva una fórmula de aprendizaje que revela la importancia del proceso: “Hay cosas que se pueden estudiar en los libros pero muchas otras se adquieren con la experiencia. Se trata de crear una conexión entre



“You must talk to the material. The result will depend on how deep I let myself go into that relationship”



cabeza, man, ferramenta e madeira que debe fluír”. Neste sentido, a relación do artesán coa materia prima é primordial á hora de traballar. “Hai que dialogar co material. En función de ata que nivel permito afondar nesa relación aparece un resultado ou outro”.

Woodworks Buschmann Bella encaixa o deseño dende unha perspectiva global onde o bosquejo ou o produto final non teñen relevancia se non forman parte dun proceso máis complexo: “O reto está en crear a perfección co paso a paso”.

cabeza, mano, herramienta y madera que debe fluir”. En este sentido, la relación del artesano con la materia prima es primordial a la hora de trabajar: “Hay que dialogar con el material. En función de hasta qué nivel permito profundizar en esa relación aparece un resultado u otro”.

Woodworks Buschmann Bella encaja el diseño desde una perspectiva global donde el boceto o el producto final no tienen relevancia si no forman parte de un proceso más complejo: “El reto está en crear la perfección con el paso a paso”.



communal and egalitarian way of life and their rejection of the superfluous. Their furniture is considered the origin of contemporary design: “They’re really austere products because they weren’t allowed the vanity of using too much decoration. As a result, they had to learn to manage with the minimum they needed and they got to use proportion better than anyone. (...) That’s why I started to find inspiration in them, because I didn’t want to design beauty, I wanted to produce it.”

Another of his lines of work is imitating those masters who inspire him. He assimilates their stylistic and conceptual methods and adapts them to his style. This philosophy is based on a learning formula that shows the importance of the process: “Books can teach us a lot of things, but many others come only with experience. It’s about creating a flowing connection among the head, the hand, the tool and wood.” In this sense, the craftsperson’s relationship with the raw material is essential when working: “You must talk to the material. The result will depend on how deep I let myself go into that relationship.”

Woodworks Buschmann Bella approaches design from a global perspective in which the sketch or the final product are not relevant; they are just part of a more complex process: “The challenge is to create perfection step by step.”

ARTESANÍA DE GALICIA. MERCA NA REDE

ARTESANÍA DE GALICIA. COMPRA EN LA RED
ARTESANÍA DE GALICIA. BUY ONLINE



Witchneeds
witchneeds.com

Oitenta
oitenta.com

Artesanía de Galicia é un sector en continuo avance e actualización. Ademais, as características dos talleres, moitas veces emprazados no medio rural ou mesmo o ritmo diario de creación, que non deixa moito tempo para a venda directa ao público, fan da comercialización electrónica unha boa solución para que os artesáns poidan distribuír as súas pezas do xeito máis cómodo tamén para o cliente que pode mercar en calquera momento do día e dende calquera lugar.

Para facilitar esta relación comercial, cada ano a Consellería de Economía, Emprego e Industria impulsa a promoción dixital e o comercio electrónico do sector artesanán a través de liñas de axudas aos obradoiros para que abran e melloren canles de distribución e de divulgación do seu traballo na rede. Nestas páxinas incluímos o listado daqueles obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía que dispoñen de tenda online.

Artesanía de Galicia es un sector en continuo avance y actualización. Además, las características de los talleres, muchas veces emplazados en el medio rural o incluso el ritmo diario de creación, que no deja mucho tiempo para la venta directa al público hacen de la comercialización electrónica una buena solución para que los artesanos distribuyan sus piezas de la forma más cómoda también para el cliente, que puede comprar en cualquier momento del día y desde cualquier lugar.

Para facilitar esta relación comercial, cada año la Consellería de Economía, Emprego e Industria impulsa la promoción digital y el comercio electrónico del sector artesano a través de líneas de ayuda a los talleres para que abran y mejoren canales de distribución y divulgación de su trabajo en la red. En estas páginas incluímos el listado de aquellos talleres inscritos en el Rexistro Xeral de Artesanía que disponen de tienda online.

Artesanía de Galicia is a sector that is constantly advancing and being updated. Besides, since many workshops are located in rural areas, or their daily production rate doesn't leave their owners much time for direct sales to the public, selling online is a good solution for craftspeople, who can distribute their pieces in a more convenient way, and for customers too, who can buy them anywhere at any time.

In order to facilitate this business relationship, every year the Consellería de Economía, Emprego e Industria fosters digital promotion and e-commerce in the craft sector by awarding grants to workshops to open and improve the channels of distribution and promotion of their work in the Internet. A list of the workshops registered in the General Handicraft Register that sell their products online is included in these pages.

A. Outeiriño tecido artesan
empendedorasgalicia.es/
ecommerce/tecidoartesan/gl/

Al Joyas de autor
aijoyasdeautor.es

Alpacas As Bolboretas
alpacasasbolboretas.com

Amare, Agasallos do mar
agasallosdomar.com

**Anna Champeney
Estudio Textil**
annachampeney.com

Ardentia
ardentia.es

Artefios
artefios.org

Artesanía Candán
artesianiacandan.com

Artesanía Ferradáns
articulosdemadera.com

**Artesanía téxtil
Belategui Regueiro**
belateguiregueiro.com

Artesanía Veiga
doasweb.com

Artesanía Silvent
artesianiasilvent.com

Artesesa
artsesa.bigcartel.com

Asteleiros Triñanes
asteleirostrinanes.com

Barreiros Artesanía
artesianiabarreiros.es

Benizio camisas a medida
benizio.com

Bulideira Traxe Tradicional
bulideira.es

Cabuxa
cabuxa.com

Calzados Losal
calzadoslosal.com

Cavalinho do demo
cavalinhoart.com

Cerámica Belén Soto
ceramicabelensoto.com

Cerámica F. Porto
fernandoporto.com

**Chueco artesanía
en cuero**
chueco.es

Coas Mans Artesanía
coasmansartesaniam.com

colRaxe
coiraxe.com

Coiro Enxebre
coiroenxebre.es

Como Cuando
comocuando.com

**Como pez
en el agua**
comopeznelagua.es

Corzo Artesanía
corzoartesaniam.com

Cousas de Madeira
cousasdemadeira.com

Crisol
tallerdejoyeriacrisol.com

**Cristalería
El Reflejo**
elreflejo.com

Deica Creacións
deicacreacions.com

Degerónimo
degeronimo.com

Elena Ferro
elenaferro.com

Estudio Estampa
briaconcept.com

**Fernando Gallego
Xoieiro Artesán**
joyeriafgallego.com

Ferraxe de prata
ferraxedeprata.com

Hermanos Gómez
hermanosgomez.com

Idoia Cuesta
idoiacuesta.com

Jatafarta
jatafarta.com


Joyas de la Raspa
joyasdelaraspa.com

Joyas de Papel
joyasdepapel.com

La Platanera
laplatanera.com

**La tienda Náutica Online
de Astilleros Lagos**
astilleroslagos.es

Carla López
carlalopez.es



Le Chanelas
lechanelas.tictail.com

Leónlagata
leonlagata.com

Liño e Lá
linhoela.com

Logaro
logaro.com

Lucía Catuxo
luciacatuxo.com

Madriguera Workshop
madrigueraworkshop.com

Manels Percusión
manelspercusion.com

**Maravalla Artesanía
Contemporánea**
maravalla.com

María Feijoo
mariafeijoo.com

**Marina Seoane,
Ilustraciones & Artesanía**
marinaseoane.com

Marta Armada
martaarmada.com

Maysil
maysil.com

Media Lúa
medialua.es

Milbrumas
milbrumas.es

Miols Design
miolsdesign.com

Musical JR
musicaljr.com

Noga Art's
nogaarts.com

**Nómada Laboratorio
de Arte**
nomadalaboratoriodearte.com

Nudima
nudima.com

Nuria Benlloch
nuriabenlloch.com

**Obradoiro de
Gaitas Seivane**
seivane.es

Obradoiro Taxus
taller-taxus.com

Ojea Studio
ojeastudio.com

Olería Aparicio
alfareriaaparicio.es

Olería Carmen Isabel
ofalsete.com

Óscar Rodríguez Joyeros
oscar-rodriguez.com

Pase lo que pase
paseloqapase.com

Pilar Cupeiro
pilarcupeiro.com

Pilar Rodal
pilarrodal.com

Pirotecnia Penide
pirotecniapenide.com

Plata Nativa Orfebres
platanativa.es

Polo Enríquez
poloenriquez.com



Santiago Besteiro
santiagobesteiro.com

Quercur Leathercraft
quercur.com

Quilting Colors
quiltingcolors.com

Racataplan
racataplan.com

Regal Cerámica
oteregala.com

Ricardo Prieto
ricardoprieto.com

Inés Rir&Co Diseño textil
rirandco.com

Roberto Figueira Martínez
cousasdemadeira.com

Rosa Higuero
rosahiguero.com

Santín Cuero
santincuero.com

Silvereira
tienda.silvereira.com

Taller de Joyería Abella
abellajoyeria.com

Tallería Cristal
cristaltallado.es

Tres Caracoles
trescaracoles.es

Varo Caride
varocaride.com

Verónica Moar Cerámica
veronicamoar.com

Xaneco
Xaneco.gal

Kinga Haudek Joyería Artística
kingahaudek.com



Corazón da Artesanía

VII Encontro da Artesanía Tradicional e Popular de Galicia
Os Pendellos, Agolada - Pontevedra
6, 7 e 8 de xullo do 2018

galicia

ARTESANÍA
DE GALICIA

XUNTA
DE GALICIA



galicia

obradoiro de artesanía
artesianiadegalicia.xunta.gal



XUNTA DE GALICIA